



## 12 DECEMBRO FOLGA NO ENSINO

Para recuperar o noso horario  
e mellorar condicións laborais



*Sobran os motivos...*

*Imos á folga para recuperar o que nos arrebataron*

*Imos á folga para traballar en mellores condicións*

*Imos á folga para que a Consellaría nos respecte e valore como profesionais*

*Imos á folga porque defendemos unhas condicións laborais dignas e un ensino público de calidade*

# Ir á folga para recuperar dereitos e o respecto polo traballo docente

Na última década o profesorado galego sufriu un recorte xeneralizado dos seus dereitos laborais. Desde a perda de poder adquisitivo ao empeoramento das condicións de traballo. Moitos dos problemas que arrastramos desde hai anos (ratios, burocracia, relegación do claustro na toma de decisións, denegación de desdobres, impartición de afíns, inestabilidade laboral do persoal interino, déficit nos recursos para a atención á diversidade, redución das axudas para a normalización lingüística, políticas regresivas para o uso do noso idioma nas aulas, etc...) víronse reforzados coa escusa da crise económica que serviu de treboada perfecta para aplicar maiores recortes.

A toda esa realidade sumouse unha medida especialmente regresiva para o profesorado galego, tanto desde a perspectiva individual, no que ten a ver coas condicións nas que impartimos docencia e traballamos nos nosos centros, como desde a colectiva, con **perda de miles de postos de traballo** e un **empeoramento do traballo dos equipos docentes e da atención ás tarefas de coordinación e atención ao noso alumnado**. Esa medida foi a ampliación do horario lectivo a 20 horas en secundaria, FP e ensinanzas de réxime especial e a 25 en infantil, primaria e educación especial.

## O retroceso no corpo de mestres e a volta ás diferenzas

No caso do corpo de mestres a medida supuxo tirar abaixo un **acordo sindical asinado pola CIG-Ensino e as demais OO.SS. no 2007** co que demos un paso moi importante ao reducir as sesións lectivas a 21, favorecendo un incremento do noso tempo para a coordinación pedagóxica e para a preparación de aulas. Aquel acordo supuxo no seu momento un **incremento de máis de 1.000 postos de traballo**.


A situación actual reproduce en boa medida a anterior ao acordo de 2007, con diferenzas apreciábeis entre o profesorado, en función das especialidades ou do número de aulas do centro. Recuperar as 21 horas é un **dereito** e **amosaría respecto por un profesorado que durante décadas demandou a equiparación co resto dos corpos docentes** e tamén serviría para **evitar discriminacións dentro dun mesmo centro**. A Consellaría de Educación mantivo formalmente os mesmos cadros de persoal durante este tempo mais non en todos os centros. Naqueles nos que puido reducir apoios en infantil ou persoal das especialidades de atención á diversidade aplicou a tesoura con contundencia, aumentando as itinerancias e a impartición de especialidades nas que non somos especialistas.

**É hora de que recuperemos o que tantos anos nos levou conseguir. É hora de que recuperemos as 21 sesións lectivas.**

## O grave deterioro das condicións de traballo e a perda de postos de traballo en secundaria, fp e ensinanzas de réxime especial

Nos corpos de secundaria o efecto do incremento desde as 18 sesións ás 20 foi especialmente duro. **Perdeuse unha cifra superior aos 1.000 postos de traballo** e acentuáronse os problemas que se viñan producindo: impartición de afíns, despedimento de interinos, aumento do número total de alumnado ao que impartimos docencia, aulas saturadas en medios urbanos, denegación de desdobres, sobrecarga de traballo polo exceso de burocracia, etc. Tamén dentro destes corpos existen diferenzas entre docentes co tempo de sesións entre 50 e 60 minutos que deben ser equilibradas.

De aí a relevancia de recuperarmos o horario das 18 horas: é unha necesidade para todas e cada un de nós, é unha **urxencia que poidamos traballar en mellores condicións**, mais tamén o é que **freemos a perda incesante de postos de traballo**, máxime cando nos orzamentos da Xunta para o 2020 se inclúe a **redución do número de docentes dos corpos de secundaria**.







## Ante a negativa da Consellaría a negociar só queda a folga xeral

*Despois de pedirmos incesantemente unha apertura de negociacións para a recuperación do horario lectivo e a mellora das nosas condicións laborais nas Mesas Sectoriais dos últimos anos, sempre co NON como resposta, a CIG-Ensino na súa condición de sindicato maioritario propúxolles ás outras OO.SS. facer fronte común arredor deste tema. Un peche na Consellaría, unha reunión frustrada coa conselleira, encontros con todos os grupos parlamentares e concentracións varias foron a antesala dunha folga tan necesaria como inevitábel.*

A **folga do 12 de decembro** é a única saída ao desprezo que ten amosado a Consellaría de Educación e o presidente da Xunta polo profesorado galego nos últimos tempos. Despois de aplicárenos os recortes de horario coa maior dilixencia do Estado, antes incluso da súa aprobación por Rajoy no ano 2012, nestes intres son 7 as CCAA (Navarra, Euskadi, Cantabria, Canarias, Andalucía, Asturias e Extremadura) que xa recuperaron o horario anterior aos recortes mentres nós seguimos agardando.

Acabouse o tempo das escusas. A resposta da conselleira, que se viu obrigada a recibirmos por primeira vez desde que está no cargo despois dun peche organizado polas organizacións sindicais fronte ao seu despacho, é un insulto ao profesorado. A negativa a abrir esta negociación até que Madrid achegue fondos é unha guerra política entre o goberno da Xunta e o do Estado na que o profesorado galego non pode seguir sendo refén. É escandaloso que esta sexa a única argumentación da Xunta cando Feijóo non lle devolveu ao goberno central os cartos que aforrou aplicando esta medida recortando de golpe miles de postos de traballo. Como se demostrou polas negociacións levadas a cabo noutros territorios é unha mera cuestión de vontade política e de prioridades. **Para o presidente Feijóo**, que é o que realmente ordena e manda neste tema, **nin as condicións de traballo docentes nin o ensino público son unha prioridade** como o demostra aumentando ano a ano a partida para os concertos educativos e desviando fondos públicos continuamente para organizacións privadas que fan negocio a custa do sistema público.

Os días 13 e 21 de novembro o profesorado coreou ben alto nas concentracións que tiveron lugar nas sete grandes cidades galegas: **“Non se trata de traballar menos, senón de traballar mellor”**. O 12 de decembro teremos que dicirlo máis claro secundando masivamente a **folga xeral no ensino**



En defensa do que é  
noso,

dos dereitos que nos  
foron roubados,

dun horario que nos  
permitiría unha mellor  
atención ao alumnado,

a realización de  
desdobres, reforzos e  
apoios,

a preparación de  
clases e actividades  
innovadoras,

a participación  
en proxectos de  
renovación pedagóxica,

a coordinación entre  
departamentos,

a atención a cuestións  
fundamentais como  
a coeducación,  
a normalización  
lingüística, a  
educación para a paz  
e a sensibilización  
ambiental...

**Son horas,  
son dereitos**

# Son horas Son dereitos

## FOLGA 12DEC

**Manifestación Nacional en  
Santiago de Compostela  
Praza Cervantes 12:00 h**

18

21

**#18e21horas**

*Hai coplas que son  
auténticos manifestos*

*Maniféstate con nós!*

©CIG-Ensino

### Retrouso:

Queredes o outro Horario?  
Queremos si señor!  
E para que o queredes?  
Para traballar mellor.

As mestras e mais os mestres  
E todo o profesorado  
Queremos que nos devolvan  
Axiña o noso horario

Queremos reivindicar  
O noso horario de antano  
Por eso estamos aquí  
De volta en San Caetano

Por se non lembran vostedes  
Dezaoito en secundaria  
Tres máis facían @s mestir@s  
Vinte e unha na primaria

E viñemos tod@s xunt@s  
Vimos de todo Galiza  
Porque o tema do horario  
E un tema de xustiza

Tres mil postos de traballo  
Que nos recorta Feijóo  
Ao cabalo dos recortes  
Coa folga dicimos: Xooo!!!!

Aínda que petar, petamos  
Foi como en pedra dura  
A Consellaría apagada  
Ou fóra de cobertura

Pois señora Conselleira  
Para arranxar este patio:  
Apoio, desdobres, horas  
E diminución das ratios

Que faga como xa fixo  
o Presidente Júnker  
que se vaia de unha vez  
e que saia do seu búnker.

E que dicir das afíns  
Hai que ser curta de vista  
Impárteas profesorado  
Que nin é especialista

E cantaremos ben forte  
Desde a alba ata o serán  
Que nunca nos esquecemos  
Do horario do verán

Pola loita dos horarios  
E todo o que lles colga  
Ratios, afíns, dereitos...  
Doce D tod@s á folga

Esta vai por despedida  
Enténdanos, por favor  
Que non é traballar menos  
Que é traballar mellor



Confederación Intersindical Galega

**ENSINO**